

# O CASINO

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

## Limiar

**O** vindeiro domingo, 11 de xaneiro, coa inauguración oficial dos muíños restaurados conclúe unha etapa, de máis de dous anos, na que a actividade principal da Asociación Cultural centrouse nestes traballos de rehabilitación. A partir de aquí, pódese dicir que temos tres frentes abertos: por unha banda a continuación natural deste primeiro proxecto é a proposta de elaboración dun sendeiro por Cans, Couso, Picoña e San Xurxo de Salcedas, que percorra e poña en valor parte do noso máis importante patrimonio etnográfico: muíños, canastos, cortellas, petos de ánimas, cruceiros, fontes, castros, ..., así como do noso patrimonio cultural e natural. Neste momento este proxecto está pendente de recibir algunha subvención oficial para poder ser levado a cabo. Por outra banda, temos que retomar a actividade ordinaria e normal da asociación, que quedou seriamente afectada co traballo intensivo que requiriron os muíños. E finalmente, temos que facer tamén un traballo formativo e educativo respecto á Aula Multimedia ubicada nas nosas instalacións, mentres estamos á espera do acceso a internet vía WIMAX.



Como podedes comprobar, na convocatoria de asemblea xa aparece un punto para nomear ás persoas que se propoñen para a Directiva da Asociación de Veciños "A Malladoura", que xa completou o seu proceso de legalización. A idea é facer unha especie de coordinadora das actividades do pobo que descargue ás outras asociacións das tarefas reivindicativas de servizos e infraestruturas.

Tamén podedes comprobar neste exemplar de *O Casino* que é o número 20. Eso quere dicir que durante 21 trimestres seguidos (20 máis o número 0), máis de cinco anos, vimos editando de xeito ininterrompido este boletín, con máis ou menos fortuna, con máis ou menos presas de última hora, con máis ou menos cariño, on máis ou menos puntualidade pero sempre con ilusión. Sempre é máis doado se participamos máis persoas. De feito, con motivo deste aniversario intentaremos propoñer algunhas modificacións para facelo máis participativo.

Finalmente, compre informar de que a nosa páxina web [www.cousodegulans.es](http://www.cousodegulans.es) xa está practicamente operativa, tamén á espera de recibir colaboracións. A súa posta en funcionamento fíxose posible grazas a unha subvención de 400 euros da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, da Xunta de Galicia.



## Neste exemplar:

- 1 Limiar
- 2 Programación trimestral
- 4 Felicitación de Nadal (por Montse Groba)
- 5 Receitas (por Montse Groba) • Colaboración literaria
- 6 Colaboración de Lucía Novas Carballido
- 7 Restauración dos muíños (por José Luis G. Reboiro)
- 8 Actividades realizadas

## PROGRAMACIÓN CULTURAL

### Inauguración oficial dos muíños



Despois da presentación aos veciños do resultado da rehabilitación agora facemos a inauguración oficial, á que está prevista a asistencia do Director Xeral de AGADER e do alcalde de Pontearreas.

**Domingo, 11 de xaneiro, a partir das 10,30 horas**

**Sábado, 17 de xaneiro, a partir das 16'00 horas**

### Sementeira



Empezamos un terceiro ciclo do centeo coa sementeira. Este ano esperamos poder moer, despois da malla, nos muíños restaurados.

### Entroido



Nos esperan concursos de disfraces e charangas

**Domingo, 22 de febreiro, en Couso, hora por determinar**

**Domingo, data e hora por determinar, en Guláns.r**

# 1º TRIMESTRE 2009

## Curso de iniciación á informática



Aproveitando a Aula Multimedia continuaremos co curso de achegamento e iniciación daquelas persoas que non tiveron contacto coa informática.

Venres, a partir do 16 de xaneiro, de 20'30 a 21'30 horas.

## Festa do Pote



Un ano máis poremos os potes a funcionar para destilar augardente de primeira calidade.

Domingo, 22 de marzo

*O Nadal ven cada ano, e virá sempre. El axita a súa variña máxica sobre o mundo e fai que os recordos, a ternura, a esperanza, a fe, as ilusións... brillen dunha forma máis especial.*



*Abramos as portas a esa maxia desexando que nos inunde a todos.*



*E demos gracias porque este Nadal nos brinda a oportunidade de comezar e compartir*

*un ano máis coa xente que queremos...*



*Feliz Nadal e Próspero Ano "2009"*

*A Asociación Cultural San Martino de Couso.*



# Receitas

## MAZAPÁNS DE NADAL



### Ingredientes

- 300 gr. de améndoas moídas
- 200 gr. de azucre glass
- 1 clara de ovo (ou 1 e media si fai falla)
- 1 cucharada de ralladura de limón
- 1 xema de ovo

### A preparación do mazapán:

Nun recipiente fondo colocar as améndoas co azucre, a ralladura de limón e a clara de ovo.

Amasar a mezcla coas mans durante bastante tempo hasta conseguir unha masa consistente.

Unha vez conseguida, facer boliñas coas mans ou figuriñas con moldes (con forma de campá, estrela, árbore de nadal, etc.), e colocar nunha placa de forno.

Noutro recipiente, bater a xema, e cun pincel de pastelería, pintar as figuras.

Unha vez terminadas, introducir a placa no forno e gratinar durante aproximadamente 5 minutos (ata que estean dourados) a 200° de temperatura.

Deixar que se enfríen e xa están listos para comer.

## Un meniño durmindo na rotonda do cruce de Mondariz

Tomás é un habitual no Nadal, él é un dos personaxes típicos dos meus contos, pero este ano non quere ser so un personaxe senón que quere facer memoria e quere recordaros que xa chegou o Nadal, e querevos mandar o seu maior desexo de paz e felicidade.



Definir a Tomás é moi difícil pois ten ao largo dos anos distintas personalidades, pero eu diría que Tomás somos todos, pois todos no fondo levamos algo de nenos dentro.

Tomás deixa os escenarios de Couso e colle rumbo a Belén pois di que alí naceu un neno.



Tomás colleu a mochila e díxolles a súa familia que ía a Belén e dende a Cultural de Couso votou andar, ao chegar ao Confurco non sabia se ir a dereita ou a esquerda pero deulle o tino que era para a dereita e marchou para Ponteareas, levaba un par de horas camiñando cando ía ala por Xinzo, preguntou nun bar “O Chiño” por onde se ía e se quedaba moito para chegar a Belén, alí pensaron que era broma e díxéronlle que un par de horas todo de fronte. Ao chegar a Areas, Tomás estaba mais que rebotado, pero era tanta a ilusión que tiña que ata se esqueceu de seus pais, de súa aboa e da súa tía Carmiña, e seguiu andando, ao chegar a Ponteareas, viu unha plazoleta e pensou que non estaría mal botar alí un sono, e subiu a ela e botou a durmir.

Por un momento non vos podeades imaxinar a que armou Tomás, a familia levaba horas buscando, os Municipais desesperados buscando a identidade do neno, a Policía coas sereas dun lado para outro, a radio anunciando a todo momento “Un meniño durmindo na rotonda do cruce de Mondariz”



Pero o mais curioso de todo, eses pais inocentes que pensan que o neno vai ver o Belén que fixeron os veciños na casa, os habituais do Chiño que lle dan broma o neno.

Cando por fin os Municipais e a Policía dan cos pais entréganlle ao neno

completamente durmido, méteno na cama e Tomás non se enteira de nada, durme a perna solta.



O espertar de alí a dous días  
iiiiiiii Mamáááááááá!!!! Tiven un soño xenial.


Meus queridos amigos un ano mais quero chegar a vos co meu conto pero en especial a todos os nenos e non tan nenos que o largo dos anos levan representando con toda ilusión os meus contos. Grazas.

Mari Carballido

## Colaboración de Lucía Novas Carballido



A CASTAÑA NA LAREIRA FILO  
PUN E REVENTOU POBRINA  
DA CASTAÑA FILO PUN E  
REVENTOU, ESCOMENCEMOS A  
PANDEIRADA, ESCOMENCEMOS  
AFESTA TA, AI LAPA LALA...



## Inauguración dos muíños



A comezos do ano 2006 empezamos a pensar na posibilidade de restaurar os muíños de Couso. Despois dun tempo dándolle voltas e recabando información plantexámolo aos herdeiros, os donos dos muíños, e conseguimos que a maioría deles asinaran unha cesión á Asociación Cultural por 25 anos para rehabilitalos e usalos como atracción turística. Este primeiro paso era imprescindible, porque senon non sería posible pedir subvencións desde a Cultural, polo que agradecemoslle sinceramente a tódolos herdeiros que asinaron a súa colaboración.

Así, encargamos a elaboración do anteproxecto que valorou as actuacións en 80.000 euros. Este anteproxecto sustentábase en dúas ideas estrela: na existencia dunha acea (muíño de volante de madeira) moi escasa no noso entorno e na creación dun sendeiro que, percorrendo os muíños de Cans e os nosos, presentase unha alternativa ao tramo asfaltado do Sendeiro das Greas que conecta ámbolos dous lugares.

A finais de 2006 nos confirman desde ADRICONPA, a entidade encargada de xestionar os fondos LEADER nas comarcas do Condado e da Paradanta, que temos unha subvención do 75%, é dicir, 60.000 euros.

Despois de intentar conseguir outras axudas oficiais, sen éxito, foi a Comunidade de Montes Vecinais en Man Común de Couso quen se fixo cargo dos 20.000 euros de diferencias, ademais de encargarse do mantemento do conxunto por un mínimo de cinco anos.

Unha vez solucionado o tema económico había que buscar unha empresa que nos fixera o traballo con garantías. A nosa primeira intención foi encargarllo a unha única empresa, que se encargase de todo, e nos deixase a nós unicamente as tarefas de supervisión e control. Isto non foi posible por cuestións orzamentarias e houbo que encargar traballo por traballo co conseguinte tempo de adicación suplementario. A falta de recursos económicos tamén obrigou a prescindir do sendeiro que comunicaba Cans con Couso.



Ao longo destes case dous anos fomos encargando cada traballo de restauración e completándoos moitas veces co traballo das persoas que voluntariamente botáronnos unha man os fins de semana, os que lles reiteramos o noso agradecemento. Tamén foi moi importante a axuda prestada en todo momento pola Comunidade de Montes e polos seus traballadores que, en ocasións traballaban pola semana como persoal da Comunidade de Montes e os fins de semana como voluntarios, axuda que agradecemos.

Finalmente, o vindeiro 11 de xaneiro de 2009, faremos a inauguración oficial, aínda que xa están a ser visitados con regularidade desde hai varias semanas.

A partir de aquí temos darlle publicidade a esta parte visitable do noso patrimonio etnográfico, para disfrute de todos aqueles que sepan valoralo.

E xa temos en marcha o seguinte proxecto: o sendeiro que nos quedou sen facer entre Cans e Couso, alóngase agora ata Picoña e San Xurxo, con volta polo trazado do Sendeiro das Greas.

José Luis G. Reboiro

## Actividades realizadas



**O** domingo, 16 de novembro, tivo lugar o tradicional magosto. Con pouca xente, pero con alegría, deuse boa conta das castañas e máis do viño, arredor dunha fogueira.



**E**mpezouse co obradoiro de primeiro achegamento á informática, a cargo de Montse Groba, para aquelas persoas que, aproveitando a aula multimedia, desexen aproximarse ás posibilidades da informática.



**D**ecorouse o local para o Nadal e propúxose un obradoiro de elaboración de centros para decorar que non chegou a realizarse por falta de xente apuntada.